



APellidos, nome

D.N.I.

## AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABAJO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.  
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: AUXILIAR CLÍNICALABORATORIO

PARTE ESPECÍFICA

### ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que lle indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
- Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na “folla de exame” entre os números 1 e 110.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na “folla de exame” é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa “folla de exame” que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a “folla de exame”, da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

– **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

– **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EXERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA

1. Que é a asepsia?
  - A) A ausencia de microorganismos potencialmente patóxenos.
  - B) O contrario a sucidade.
  - C) A ausencia de organismos infecciosos.
  - D) Todo é correcto.
  
2. Desde o menú Inicio de Windows 7 pódense realizar as accións:
  - A) Cambiar de usuario e pechar sesión.
  - B) Reiniciar e suspender.
  - C) Bloquear.
  - D) Todas son correctas.
  
3. Cando se deben utilizar os equipos de protección individual?
  - A) Sempre.
  - B) Cando os riscos non fosen avaliados.
  - C) Cando os riscos non se poidan evitar ou non poidan limitarse.
  - D) Cando o traballador o considere oportuno.
  
4. O software de xestión de doadores é:
  - A) Un programa informático utilizado especificamente para xestionar a comunicación cos doadores, coordinar campañas e axudar na promoción da doazón.
  - B) Un programa informático utilizado especificamente para o control da asistencia e rendemento dos traballadores.
  - C) Un programa informático utilizado especificamente para o control de reunións de traballo dentro do centro de transfusión.
  - D) Un programa informático utilizado exclusivamente para regular a temperatura na área de extracción.
  
5. Tocante aos sistemas informáticos dos centros de transfusión:
  - A) Establecerase un sistema de copias de seguridade diario que se almacenará nun lugar diferente daquel no que se atopan os equipos informáticos.
  - B) Todas as modificacións na aplicación informática deben ser autorizadas, documentadas e validadas.
  - C) Existirá un sistema de notificación, rexistro e xestión das incidencias.
  - D) Todas son certas.
  
6. A definición da política de calidade nunha empresa é responsabilidade:
  - A) Do departamento de calidade.
  - B) Do departamento de enxeñería.
  - C) Do representante de dirección de calidade.
  - D) Da dirección.

7. As unidades m3viles para a extracci3n de sangue ou compoñentes sanguíneos:
- A) Deberán reunir as condicións id3neas de hixiene, espazo e ventilaci3n para lles prestar asistencia adecuada aos doadores que poidan sufrir alg3n tipo de reacci3n adversa.
  - B) Deberán reunir as condicións id3neas de hixiene, espazo e ventilaci3n para evitar riscos no sangue ou nos compoñentes extraídos.
  - C) Deberán reunir as condicións id3neas de hixiene, espazo e ventilaci3n para evitar riscos no equipo encargado da extracci3n.
  - D) Todas son correctas.
8. En que zona das seguintes non se pode tomar o pulso?
- A) Na arteria pedia.
  - B) Na arteria radial.
  - C) Na arteria car3tíde.
  - D) Na arteria xugular.
9. Cando se utilicen sistemas informatizados, os programas, o equipo e os procedementos de obtenci3n de copias de seguridade deberán:
- A) Comprobarse periodicamente co fin de garantir a súa fiabilidade.
  - B) Validarse antes do seu uso e mantelos en estado de bo funcionamento.
  - C) O equipo e os programas informáticos estarán protexidos contra calquera uso ou cambio non autorizado.
  - D) Todas son correctas.
10. Cal destes é un software específico dos banco de sangue?
- A) Logos.
  - B) Gacela.
  - C) E-delphyn.
  - D) Silicon.
11. A Técnica de Grupo Nominal ou TGN:
- A) Permite liberdade para priorizar temas.
  - B) Elimina as ideas duplicadas.
  - C) É un método para a toma de decisi3ns grupais.
  - D) Todas as anteriores son correctas.
12. O método de transporte de compoñentes sanguíneos debe asegurar que, durante o transporte, se mant3n para as hemacias unha temperatura de:
- A) 21 °C-37 °C.
  - B) 15 °C-20 °C.
  - C) 1 °C-10 °C.
  - D) Entre -2 °C e -8 °C.
13. Nun sistema de calidade ISO 9001:2008:
- A) Os produtos que compremos teñen que ser inspeccionados.
  - B) Os produtos comprados a provedores aceptados non necesitan ser inspeccionados.
  - C) Os produtos fornecidos polo cliente non necesitan ser inspeccionados.
  - D) Non precisan inspecci3n os produtos comprados a empresas certificadas.

14. Para prever as complicacións que se caracterizan primordialmente por síntomas xeneralizados, requírense distintas medidas preventivas como:

- A) Tratar amablemente o doador e ofrecerlle un refrixerio antes e despois da doazón para limitar o risco dunha reacción vasovagal.
- B) Observar o doador durante a doazón e despois dela, tratalo se xorde algunha complicación e asegurarse de que se atopa perfectamente antes de que abandone a sesión de doazón.
- C) Aconsellar o doador no relativo á hemorraxia secundaria, á condución, ao descanso e á volta ao traballo despois da doazón.
- D) Todas son medidas preventivas.

15. Frecuencia cardíaca é:

- A) A resistencia arterial.
- B) O número de latexos unicamente en decúbito supino.
- C) O número de latexos cardíacos por unidade de tempo.
- D) O número de ciclos respiratorios por minuto.

16. Acéptase que un paciente ten febre cando a súa temperatura corporal timpánica é:

- A) Superior a 37 °C.
- B) Superior a 38 °C.
- C) Superior a 36,5 °C.
- D) Superior a 39 °C.

17. Indique a afirmación correcta:

- A) Unha boa esterilización substitúe a limpeza.
- B) Unha boa limpeza substitúe a esterilización.
- C) A esterilización non substitúe a limpeza.
- D) Unha boa desinfección substitúe a esterilización.

18. Os equipamentos empregados nos centros de transfusión teñen que cumprir a lexislación vixente, e ademais:

- A) Deben manterse en condicións de traballo seguras e de acordo coas especificacións do fabricante.
- B) Deben ser validados antes do seu uso, especificándose os resultados aceptables de cada parámetro.
- C) Os resultados da validación de equipos deben quedar documentados.
- D) Todas son certas.

19. A técnica que implica interpretar mensaxes verbais e non verbais e facer preguntas aclaratorias ao longo da conversación coñécese como:

- A) Estereotipo.
- B) Mensaxe incompleta.
- C) Estilo asertivo.
- D) escoita activa.

20. O método de transporte de compoñentes plaquetarios debe asegurar que, durante o transporte, se manteñen a unha temperatura de:
- A) 25 °C-37 °C.
  - B) 18 °C-24 °C.
  - C) 1 °C-10 °C.
  - D) Entre -2 °C e -8 °C.
21. O compoñente sanguíneo obtido a partir dun doador, conservado nun colector estéril e que non se fraccionou denomínase
- A) Hemacias.
  - B) Sangue total.
  - C) Plasma.
  - D) Hemacias sen capa leucocitaria.
22. A política de calidade:
- A) Debe revisala e aprobalas sempre o director de calidade.
  - B) Elaborarase cada seis meses.
  - C) Debe ser adecuada ao propósito da organización.
  - D) Ningunha das anteriores.
23. Na etiquetaxe de compoñentes sanguíneos destinados ás transfusións debe indicarse todo, excepto:
- A) O nome do produto.
  - B) Os datos do centro de procedencia.
  - C) O test de Coombs directo.
  - D) A identificación numérica ou alfanumérica exclusiva da doazón.
24. Windows 7 permite organizar as ventás de maneira:
- A) Ventás en ferverza.
  - B) Mostrar ventás empiladas.
  - C) Mostrar ventás en paralelo.
  - D) Ademais das anteriores, pódese minimizar, maximizar e redimensionar manualmente o tamaño das ventás.
25. Os frigoríficos, conxeladores e armarios incubadores deben ter:
- A) Un sistema de monitoraxe continua de temperatura.
  - B) Un sistema de alarma audiovisual.
  - C) Un sistema de circulación de aire para asegurar o correcto mantemento do aire.
  - D) Todas son correctas.
26. Jum list:
- A) É un programa antivirus do Windows 7.
  - B) Ofrece un acceso rápido a funcións, tarefas e usos máis recentes da aplicación en cuestión.
  - C) Aparece cando prememos o botón esquerdo sobre calquera icona da aplicación.
  - D) É unha unidade de almacenamento de información.

27. A avaliación de provedores é un proceso que:
- A) Asegura a calidade dos produtos subministrados.
  - B) Lle permite á empresa obter información sobre a calidade do provedor.
  - C) Fai innecesaria a inspección dos produtos dos provedores.
  - D) Permite rebaixar os prezos de compra.
28. Para recuperar un arquivo eliminado en Windows 7 podemos facelo:
- A) Desde a Papeleira de Reciclaxe se non se baleirou.
  - B) Desde unha icona de Wordpad.
  - C) Desde a icona da Papeleira de Reciclaxe aínda que se baleirase.
  - D) Desde o cartafol das Miñas Imaxes.
29. Cal é a definición correcta de empatía?
- A) Capacidade que ten o ser humano de convencer a outro ser humano de algo.
  - B) Capacidade do ser humano de poñerse no lugar doutro ser humano.
  - C) Facilitade dunha persoa para traballar en equipo.
  - D) Capacidade persoal innata para dirixir equipos de traballo.
30. Segundo a ISO 9001:2008:
- A) Deben conservarse durante un período de tres meses os rexistros relativos á formación e adestramento do persoal.
  - B) A formación e adestramento do persoal realizaranse mediante cursos impartidos por persoal exterior á empresa.
  - C) O persoal que realice tarefas específicas deberá estar cualificado mediante formación inicial ou complementaria, ou unha experiencia apropiada, segundo as necesidades.
  - D) Todo o persoal operativo debe estar formado en calidade.
31. O sangue obtido mediante punción con lanceta no dedo é:
- A) Venoso.
  - B) Capilar.
  - C) Arterial.
  - D) A e C son correctas.
32. A recollida dos residuos sanitarios no interior dos centros que os xeran deberá atender a criterios de separación, hixiene, inocuidade e economía, e cumprir a normativa de prevención de riscos laborais. Ademais:
- A) Os envases e os seus peches estarán concibidos e realizados de maneira que se evite calquera perda do contido e construídos con materiais non susceptibles de ser atacados polo contido nin de formar con el combinacións perigosas.
  - B) Os residuos recollidos en bolsas transportaranse e almacenaranse en contedores que, cando non sexan dun só uso, serán de estrutura ríxida e que permita unha fácil limpeza e desinfección.
  - C) Os envases deberán estar perfectamente pechados antes do transporte e nunca se poderán arrastrar nin utilizar métodos de transporte que afecten á súa integridade.
  - D) A recollida dos residuos sanitarios no interior dos centros que os xeran deberá atender a criterios de separación, hixiene, inocuidade e economía, e cumprir a normativa de prevención de riscos laborais e ademais todas as anteriores.

**33.** Nos centros de transfusión sanguínea, as doazóns autólogas:

- A)** Serán claramente identificadas como tales e conservaranse separadas das doazóns homólogas para previr a transfusión a outros pacientes.
- B)** Serán claramente identificadas como tales e conservaranse xunto cos doazóns homólogas para a transfusión a outros pacientes.
- C)** Serán claramente identificadas como tales e conservaranse a temperatura ambiente.
- D)** Serán claramente identificadas como tales e conservaranse xunto coas doazóns homólogas para a transfusión a familiares do doador.

**34.** Para o control de neveiras e conxeladores para compoñentes sanguíneos:

- A)** Inspeccionarase o equipo: limpeza, illamento, monitorarase a temperatura de forma continua e revisarase diariamente. Se non é posible, rexistrarase a temperatura cada 8 horas.
- B)** Inspeccionarase o equipo, pero non é necesaria a limpeza xa que se realiza automaticamente, monitorarase a temperatura.
- C)** Non é necesaria a inspección nin a limpeza do equipo xa que a operatividade vén garantida polo fabricante.
- D)** Ningunha é certa.

**35.** Na RCP a relación compresións-ventilación é de:

- A)** 15:1.
- B)** 30:2.
- C)** 30:1.
- D)** Recoméndase esperar á ambulancia antes de empezar as manobras.

**36.** Indique cales son vías aéreas respiratorias:

- A)** A farinxe e a larinxe.
- B)** A traquea.
- C)** As fosas nasais.
- D)** Todas as anteriores son correctas.

**37.** A asertividade implica:

- A)** Unha comunicación clara e directa.
- B)** Unha expresión social franca.
- C)** Expresar o que se quere e se desexa dun modo directo.
- D)** Todas as anteriores son correctas.

**38.** Son factores que interveñen de forma decisiva no establecemento dunha relación interpersoal:

- A)** A percepción interpersoal e a influencia do contexto en que se desenvolve a interacción.
- B)** A actitude de aceptación ou prexuízo.
- C)** As vivencias pasadas.
- D)** Todas as anteriores interveñen de forma decisiva nunha relación interpersoal.

39. Nas probas de compatibilidade electrónica, o programa informático permitirá o rexistro de:
- A) O nome do compoñente, o número da unidade, o grupo ABO e Rh (D) da unidade, o grupo ABO da unidade confirmado e a identificación do receptor.
  - B) O nome do compoñente, o número da unidade, o grupo ABO e Rh (D) da unidade, o grupo ABO da unidade confirmado, a identificación do receptor, a tipaxe ABO e Rh (D) e os resultados de anticorpos irregulares eritrocitarios.
  - C) O nome do compoñente, o número da unidade, o grupo ABO e Rh (D) da unidade, o grupo ABO da unidade confirmado, a identificación do receptor, a tipaxe ABO e Rh (D) e os resultados de anticorpos irregulares eritrocitarios, a persoa que realiza as probas e a adxudicación da unidade.
  - D) A tipaxe ABO e Rh (D) e os resultados de anticorpos irregulares eritrocitarios, a persoa que realiza as probas e a adxudicación da unidade.
40. Inspeccionaranse en canto a limpeza e illamento os equipos de:
- A) Armario incubador de plaquetas.
  - B) Cámaras de fluxo laminar.
  - C) Neveiras e conxeladores para compoñentes sanguíneos.
  - D) Deben inspeccionarse en canto a limpeza e illamento todos os anteriores, ademais de neveiras e conxeladores de laboratorio.
41. Enténdese por hemacias leucodeplecionadas:
- A) Hemacias de varias doazóns de sangue das que se eliminaron gran parte de plasma e leucocitos.
  - B) Hemacias dunha única doazón de sangue da que se eliminou gran parte de plasma e leucocitos.
  - C) Hemacias dunha única doazón de sangue da que se eliminaron os leucocitos.
  - D) Todas son falsas.
42. O trastorno emocional provocado polo traballo e que supón graves consecuencias físicas e patolóxicas cando o fenómeno se somatiza coñécese como:
- A) Síndrome de burn off.
  - B) Síndrome de burn out.
  - C) Síndrome de Asperger.
  - D) Síndrome de burn on.
43. No adulto en repouso, a frecuencia respiratoria normal é de:
- A) 16 ciclos respiratorios por minuto.
  - B) 8 ciclos respiratorios por minuto.
  - C) 25 ciclos respiratorios por minuto.
  - D) Nun adulto a frecuencia respiratoria normal non se considera constante vital.
44. Un antiséptico:
- A) Inhibe a multiplicación de microbios patóxenos.
  - B) Esteriliza a área coa que entra en contacto.
  - C) Extermina exclusivamente fungos.
  - D) Elimina unicamente protozoos.

45. O sistema informático alertará:

- A) Da realización dunha soa proba ABO.
- B) Da discrepancia entre o grupo ABO e Rh da etiqueta da unidade e os resultados da comprobación do grupo da unidade.
- C) Da discrepancia ABO e Rh entre o receptor e a unidade.
- D) Todas as anteriores son correctas.

46. O sangue total almacenado a unha temperatura entre 2 °C e 6 °C en CPD-A caduca:

- A) Aos 10 días.
- B) Aos 35 días.
- C) Aos 55 días.
- D) Aos 60 días.

47. Nos sistemas de rexistro informáticos débese cumprir:

- A) Que garantirán a confidencialidade, integridade, exactitude e protección dos datos dos doadores e dos receptores.
- B) Que existirá un sistema de notificación, rexistro e xestión de incidencias.
- C) A e B son correctas.
- D) A e B son falsas.

48. Enténdese por autotransfusión:

- A) A transfusión en que o doador e o receptor son parentes, e na que se emprega plasma depositado previamente a unha cirurxía.
- B) A transfusión en que o doador e o receptor son a mesma persoa, e na que se emprega sangue e compoñentes sanguíneos depositados previamente.
- C) Só a A é correcta.
- D) Ningunha é correcta.

49. Windows Defender é unha ferramenta que se encarga de:

- A) Corrixir os textos escritos en Wordpad.
- B) Analizar as follas de cálculo para previr erros nas operacións realizadas nestas.
- C) Realizar automaticamente a análise para protexer o sistema contra ataques externos de spyware e software potencialmente non desexado.
- D) Poñer automaticamente en funcionamento as aplicacións para deseñar páxinas web.

50. Son factores que dificultan a escoita activa:

- A) Factores ambientais: ruídos da contorna, decoración, teléfono, persoas que pasan e outros factores persoais, como cansazo, somnolencia, ansiedade emocional, preocupación por si mesmo, medo a lembrar acontecementos pasados, distancia emocional, impaciencia, impulsividade, nerviosismo e medos.
- B) Factores cognitivos: ideas irracionais, crenzas profesionais, prexuízos, distraccións, diferenzas no nivel sociocultural.
- C) A e B son correctas.
- D) Ningunha é correcta.

51. Os granulocitos a unha temperatura de +20 °C a +24 °C teñen un tempo máximo de conservación de:
- A) 24 horas.
  - B) 15 días.
  - C) 4 horas.
  - D) 8 días.
52. A limpeza e desinfección de equipos debe organizarse en forma de procedementos normalizados de traballo:
- A) En cada sesión de doazón, con independencia de que o local sexa fixo ou móbil.
  - B) Realizarse en cada sesión de doazón soamente en lugares fixos, nos móbiles ao terminar a xornada.
  - C) A limpeza e desinfección de equipos realizase cada catro horas para evitar erros.
  - D) A limpeza e desinfección de equipos debe organizarse cando se retiren todos os doadores.
53. Unha vez finalizada a doazón:
- A) O doador adoita descansar durante 10 minutos, ou máis se é preciso.
  - B) Os doadores novos teñen un risco de desmaio maior ca os habituais.
  - C) O doador recibe un refrixerio posterior.
  - D) Todas son certas.
54. Esterilización é:
- A) Un procedemento físico ou químico que destrúe todos os microorganismos presentes nun material ou equipo baixo certas condicións.
  - B) Un procedemento físico que destrúe todos os microorganismos, excepto as formas de resistencia, presentes nun material ou equipo baixo certas condicións.
  - C) Un procedemento químico que destrúe todos os microorganismos, excepto as formas de resistencia, presentes nun material ou equipo baixo certas condicións.
  - D) Ningunha é correcta.
55. A presión arterial mídese en:
- A) Centímetros de auga.
  - B) Milímetros de mercurio.
  - C) Centímetros de mercurio.
  - D) Milímetros de auga.
56. Os locais de extracción contarán cunhas condicións:
- A) Ambientais óptimas (temperatura, luz, ventilación).
  - B) Hixiénicas e de seguridade necesarias para a confortabilidade do doador.
  - C) De espazo que preserve a intimidade do doador para desenvolver o seu recoñecemento.
  - D) Todas son correctas.

57. O feito de desacreditar a un compañeiro por medio dunha declaración falsa e mal intencionada denomínase:
- A) Difamación.
  - B) Calumnia.
  - C) Agravio.
  - D) Neglixencia.
58. Cal das seguintes afirmacións sobre reanimación cardiopulmonar en adultos é certa?
- A) Débese comprimir o peito a razón de 100-120 compresións/minuto.
  - B) Recoméndase unha relación compresión ventilación 30:2.
  - C) Débese comprobar o pulso cada dous minutos.
  - D) As respostas A e B son correctas.
59. A asistencia ao doador despois da extracción comprende:
- A) Ofrecer líquidos e refrixerios para reducir o risco de acontecementos adversos.
  - B) A observación do doador para adiantarse ás posibles complicacións que poidan ocorrer antes ou inmediatamente despois de que o doador abandone o centro.
  - C) Se é preciso, hai que asesorar o doador.
  - D) Todas son correctas.
60. A norma ISO 9001-2008 esixe que a empresa documente o seu sistema de calidade por medio de:
- A) Manual da calidade.
  - B) Manual da calidade e procedementos, documentos e rexistros.
  - C) Manual da calidade, manual de procedementos operativos, instrucións de traballo, plans de calidade e manual de organización.
  - D) Non existen restricións en canto á documentación do sistema de calidade.
61. Complicacións relacionadas coa doazón de sangue que cursan sobre todo con síntomas locais poden ser:
- A) Tromboflebite: inflamación nunha vea asociada cun trombo.
  - B) Alerxia local: reacción cutánea alérxica no lugar da venopunción provocada por alérxenos presentes nas solucións de desinfección do brazo, na agulla ou no apósito.
  - C) A e B son síntomas locais.
  - D) As anteriores non son síntomas locais.
62. A extracción de sangue para doazón realízase por:
- A) Vea.
  - B) Arteria.
  - C) Capilar.
  - D) Todas son correctas.
63. Windows 7:
- A) É un paquete ofimático.
  - B) É un conxunto de ferramentas para a administración de sistemas operativos.
  - C) É un sistema operativo.
  - D) Ningunha das anteriores é correcta.

64. Sobre o equipamento nos servizos de transfusión, é certo que:
- A) Os equipos e instrumentos para a realización da actividade se rexistrarán nun inventario para que se garanta a rastrexabilidade.
  - B) Os equipos deben manterse en condicións de traballo seguras e de acordo coas especificacións do fabricante.
  - C) Os equipos deben ser validados antes do seu uso conforme un plan de validación.
  - D) Todas son certas.
65. Na RCP a frecuencia das compresións é de:
- A) 60-80 por minuto.
  - B) 100-120 por minuto.
  - C) 140-160 por minuto.
  - D) Ningunha é correcta.
66. O primeiro obxectivo da entrevista clínica é:
- A) Obter toda a información posible.
  - B) Coñecer a historia do paciente.
  - C) Elaborar o plan de actuación.
  - D) Establecer un bo contacto co paciente.
67. Os residuos de cultivos ou reservas de axentes infecciosos e material de refugallo en contacto con eles, incluídos os filtros de alta eficacia das campás de fluxo laminar, considéranse:
- A) Residuos de clase I.
  - B) Residuos de clase III.
  - C) Residuos de clase II.
  - D) Son residuos sanitarios non perigosos.
68. No plasma non atopamos:
- A) Auga.
  - B) Proteínas.
  - C) Linfocitos.
  - D) Lípidos.
69. Pasos para cambiar o nome dun arquivo:
- A) Encima do arquivo facer clic esquerdo / cambiar nome.
  - B) Encima do arquivo facer clic dereito / cambiar nome.
  - C) Encima do arquivo facer clic esquerdo / novo / cambiar nome.
  - D) Encima do arquivo facer clic dereito / novo / cambiar nome.
70. A RCP debe realizarse sobre:
- A) Unha superficie firme sempre que sexa posible.
  - B) Un colchón de aire inflado.
  - C) En decúbito prono.
  - D) Ningunha é correcta.

71. Cando termina o proceso de implantación da calidade?
- A) Ao conseguir o certificado ISO 9000.
  - B) Ao conseguir os obxectivos marcados no manual de calidade.
  - C) Ao finalizar o plan de calidade.
  - D) Nunca.
72. O programa informático deberá validarse:
- A) Para que só se poidan seleccionar hemacias ABO compatibles.
  - B) Para que só se poidan seleccionar hemacias AB.
  - C) Para realizar unha soa determinación ABO ao receptor.
  - D) Ningunha é correcta.
73. Como se deben manipular as mostras biolóxicas?
- A) Como material potencialmente infeccioso.
  - B) Como material non infeccioso.
  - C) Sen luvas.
  - D) Ningunha é correcta.
74. O punto máis frecuente de localización do pulso é:
- A) Na zona radial.
  - B) Na zona poplítea.
  - C) Na zona umeral.
  - D) Na zona temporal.
75. Sobre a bioseguridade nos centros e servizos de transfusión, sinala a resposta correcta:
- A) Dispoñeráse dun manual de bioseguridade que determine as normas para manipular, desbotar e retirar material perigoso.
  - B) Dispoñeráse de fichas de seguridade dos reactivos e substancias químicas empregadas.
  - C) O persoal é o que decide que EPI utiliza.
  - D) Son correctas A e B.
76. Relacións entre documento e rexistro:
- A) Todo documento é un rexistro.
  - B) Todo rexistro é un documento.
  - C) Todo documento datado e asinado é un rexistro.
  - D) Non hai relación.
77. Cal das seguintes non é unha actitude correcta do persoal ante un paciente ansioso?
- A) Ser esixente co paciente nos momentos de maior nivel de ansiedade.
  - B) Recoñecer os signos e síntomas da ansiedade.
  - C) Ser comprensivo cos sentimentos do paciente.
  - D) Estimular o paciente para expresar os seus sentimentos.

78. Na doazón autóloga:

- A) Os compoñentes autólogos que non fosen transfundidos utilizaranse para transfusión homóloga.
- B) Os compoñentes autólogos que non fosen transfundidos utilizaranse para fraccionamento.
- C) Os compoñentes autólogos que non fosen transfundidos non deberán utilizarse para transfusión homóloga nin para fraccionamento.
- D) Só A e B son correctas.

79. En que grupo se clasifican os residuos non específicos da actividade non sanitaria (cartuchos de tóner)?

- A) Clase V.
- B) Clase IIb.
- C) Clase IV.
- D) Clase I.

80. Segundo a norma ISO 9001:2008, para a revisión pola dirección debe utilizarse como información de entrada polo menos:

- A) A necesidades de cambio en SGC.
- B) Os resultados de auditorías.
- C) A xestión de stocks.
- D) As respostas A e B son correctas.

81. Complicacións relacionadas coa doazón de sangue que cursan sobre todo con síntomas xeneralizados poden ser:

- A) Unha reacción vasovagal, sensación xeral de malestar e debilidade, con ansiedade, mareos e náuseas, que pode progresar ata a perda do coñecemento (desmaio).
- B) A reacción vasovagal non é unha complicación da doazón.
- C) As complicacións da doazón prodúcense só de maneira local, como hematoma no lugar de venopunción.
- D) Ningunha é correcta.

82. A comunicación non verbal é o vehículo principal da expresión dos sentimentos e as emocións e cumpre as seguintes funcións:

- A) Confirma o que se di verbalmente. Pode substituír en ocasións a comunicación verbal.
- B) Pon énfase na comunicación verbal. Engádelle carga emocional ao que se di.
- C) Pode contradicir a mensaxe verbal.
- D) Todas son correctas.

83. A técnica de comunicación terapéutica que consiste na liberación de enerxía mediante un comentario divertido sobre o imperfecto denomínase:

- A) Suxestión.
- B) Humor.
- C) Paráfrase.
- D) Reflexo.

84. Cando o DEA realiza a análise do ritmo cardíaco, debemos asegurarnos de que:
- A) Ninguén toca a vítima mentres o DEA realiza a análise do ritmo.
  - B) Deben continuar as manobras de compresión mentres o DEA realiza a análise.
  - C) Deben continuar as manobras de compresión e ventilación mentres o DEA realiza a análise.
  - D) Mentres o DEA realiza a análise, comprimiremos o peito só 2 cm.
85. Un desinfectante:
- A) É un axente que destrúe patóxenos e outras clases de microorganismos por medios físicos ou químicos.
  - B) Destruíe a maioría dos microorganismos patóxenos, pero non necesariamente todas as formas microbiolóxicas, como esporas bacterianas sobre obxectos inanimados.
  - C) A e B son certas.
  - D) Ningunha é certa.
86. O firewall de Windows é unha devasa que serve para:
- A) Axudarnos a previr ataques externos ou o acceso de programas mal intencionados que proceden de Internet ou dunha rede de computadores á que pertenza o noso equipo.
  - B) Axudarnos a previr que o computador se quente e provoque lume no circuíto eléctrico.
  - C) Axudarnos a configurar o equipo para instalar software con aplicacións de domótica.
  - D) B e C son correctas.
87. Que grupo sanguíneo se considera doador universal?
- A) AB+.
  - B) O+.
  - C) O-.
  - D) AB-.
88. Que significa taquipnea?
- A) Frecuencia cardíaca superior á normal.
  - B) Frecuencia cardíaca inferior á normal.
  - C) Frecuencia respiratoria superior á normal.
  - D) Frecuencia respiratoria inferior á normal.
89. Os centros de transfusión contarán polo menos cos seguintes rexistros:
- A) Os rexistros básicos de verificación para as doazóns de sangue total e compoñentes sanguíneos.
  - B) A información que se haberá de proporcionar aos doadores.
  - C) As actividades do centro de transfusión durante o ano anterior.
  - D) Todas son certas.

90. As iconas no sistema operativo Windows 7 son:
- A) Pequenas imaxes que nos permiten un acceso rápido e fácil ás aplicacións e documentos que máis utilizamos.
  - B) Un bloqueador de elementos emerxentes.
  - C) Procesadores de texto e folla de cálculo.
  - D) Elementos de seguridade e verificación de contrasinais.
91. Considéranse residuos sanitarios non perigosos:
- A) Os de clase I: residuos domésticos; son residuos xerados nos centros sanitarios similares aos producidos nos fogares.
  - B) Os de clase II: residuos non domésticos; son residuos xerados nos centros sanitarios diferentes dos producidos nos fogares.
  - C) A e B son correctas.
  - D) Ningunha é correcta.
92. Para manter no tempo a esterilidade do material conseguida no proceso de esterilización, faise necesario protexelo previamente das condicións ambientais adversas mediante o envasado ou empaquetado en sistemas de embalaxe. Cada paquete débese identificar mediante unha etiqueta na que debe constar, entre outros:
- A) A data de esterilización.
  - B) A data de caducidade.
  - C) O número de esterilizador no que se realizou a esterilización.
  - D) Todas son certas.
93. É tarefa inescusable dunha auditoría interna de calidade:
- A) Buscar responsables das non conformidades.
  - B) Determinar o cumprimento do sistema de calidade establecido.
  - C) Obter un rexistro da empresa.
  - D) Avaliar a eficiencia dos procesos do sistema de calidade establecido.
94. As auditorías de calidade:
- A) Atopan todas as desviacións do sistema.
  - B) Baséanse en evidencias subxectivas.
  - C) Realízanse por mostraxe ao sistema.
  - D) Deben de formar parte das tarefas de inspección.
95. Cal é o decreto vixente para a xestión de residuos?
- A) Decreto 460/1997.
  - B) Decreto 643/2010.
  - C) Decreto 38/2015.
  - D) Decreto 1343/2007.
96. Para a toma da temperatura axilar:
- A) Debe comprobarse que a axila do paciente estea seca.
  - B) É indiferente que a axila estea seca ou mollada porque non inflúe na temperatura.
  - C) Se o paciente ten a axila mollada, poñeremos o termómetro por encima da roupa
  - D) Son correctas as respostas B e C.

**97.** Enténdese por compoñente sanguíneo:

- A)** Unicamente compoñentes eritrocitarios e plaquetarios.
- B)** A parte líquida do sangue na cal se atopan suspendidos os elementos celulares.
- C)** Calquera dos compoñentes do sangue (hemacias, leucocitos, plaquetas e plasma) utilizados con fins terapéuticos.
- D)** Soamente os concentrados de plaquetas e a serie branca.

**98.** Como se denomina a respiración normal?

- A)** Dispneica.
- B)** Polípneica.
- C)** Eupneica.
- D)** Apneica.

**99.** Os controis de esterilización poden ser:

- A)** Físicos.
- B)** Químicos.
- C)** Biolóxicos.
- D)** Todas son correctas.

**100.** Sinale a resposta correcta:

- A)** A doazón de sangue é un acto voluntario e altruísta.
- B)** O doador debe ser informado do procedemento nunha linguaxe clara e comprensible.
- C)** O doador pode retirarse ou autoexcluirse en calquera fase da doazón.
- D)** Todas son correctas.

**101.** Segundo a norma ISO 9001:2008, quen debe ter competencia baseada na educación, formación, habilidades e experiencia?

- A)** Todo o persoal da empresa.
- B)** Todos os que realicen traballos que afecten á calidade do produto.
- C)** Todo o persoal da empresa e todos os provedores.
- D)** Todo o persoal da empresa, os provedores e os pertencentes á rede comercial.

**102.** A posición do doador durante a doazón debe contar cos seguintes elementos:

- A)** Visibilidade dos doadores por parte do persoal clínico.
- B)** Unha posición de repouso confortable e seguridade en caso de desmaio.
- C)** Colocación óptima do brazo da venopunción.
- D)** A posición do doador durante a doazón debe contar con todos os elementos anteriores.

**103.** As etiquetas dos compoñentes sanguíneos e as mostras deben:

- A)** Estar firmemente adheridas e ser facilmente lexibles.
- B)** Levar un código binario para identificalos.
- C)** Ser facilmente desprendibles para posteriores usos.
- D)** Ningunha é correcta.

**104.** Presión arterial:

- A) É a presión ou forza que exerce contra a parede o sangue que circula polo sistema arterial.
- B) Depende da presión exercida polo sangue expulsado polo ventrículo en cada sístole.
- C) Exprésase en dúas cifras: sistólica e diastólica.
- D) Todas son correctas.

**105.** Doador é:

- A) A persoa que doa sangue ou compoñentes do sangue voluntariamente.
- B) A persoa que doa sangue ou compoñentes por orde facultativa e percibe unha remuneración.
- C) A persoa menor de 14 anos autorizada polos seus pais para doar sangue ou compoñentes a cambio dun pequeno salario.
- D) Ningunha é correcta.

**106.** A documentación do sistema de xestión de calidade debe incluír:

- A) Os documentos, incluídos os rexistros, que a organización determina que son necesarios para asegurarse da eficaz planificación, operación e control dos seus procesos.
- B) As declaracións documentadas dunha política de calidade e de obxectivos de calidade.
- C) Un manual da calidade.
- D) Todas son correctas.

**107.** O primeiro que se debe facer cando chega o sangue ao banco é:

- A) Centrifugado da bolsa.
- B) Rexistro de doazón.
- C) Selado da bolsa.
- D) A e C son correctas.

**108.** Poden producirse accidentes e erros en calquera etapa do proceso de doazón, que empeza coa recollida do sangue e termina coa transfusión dun dos seus compoñentes a un paciente. Defínese como reacción adversa grave:

- A) Unha resposta inesperada do doador ou do paciente, en relación coa extracción ou a transfusión de sangue ou dos seus compoñentes, que resulte mortal, potencialmente mortal, discapacitante, que produza invalidez ou incapacidade ou que dea lugar a hospitalización ou enfermidade, ou as prolongue.
- B) Calquera feito desfavorable vinculado coa extracción de sangue e dos seus compoñentes que poida conducir a que o doador abandone a doazón.
- C) Unha reacción inesperada do doador que decide abandonar a doazón sen dar máis explicacións.
- D) Unha reacción verbal inesperada do receptor que se nega a ser transfundido.

**109.** O pulso:

- A) É o latexo arterial que se recolle na superficie do corpo.
- B) Chámase taquicardia á alta frecuencia do pulso.
- C) Chámase pulso bradicárdico á baixa frecuencia do pulso.
- D) Todas son correctas.

**110.** Son efectos secundarios leves en doadores de aféreses:

- A) Resaibo metálico na boca ou formigo nos labios relacionado co citrato.
- B) Non hai descrita reacción ningunha nos doadores de aféreses.
- C) Embolia graxa.
- D) Ningunha é correcta.